



GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA

E/F/E. JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMUN

N.º _____ RE.º 5-11-2

11)

Asistentes:
Presidente: Excmo. Sr. Gobernador Civil
Don Faustino Ramos Díez.
Vocales:
Don Miguel A. Delmas y Pérez de Salcedo.
Don José L. de la Torre Nieto.
Don Luis Solano Aguayo.
Don José Casal Pereira.
Don Ricardo García Borregón.
Don Víctor Soto Bello.
Don Pedro Rial López.
Don Julio C. García Luengo Montero.
Don Faustino T. González Araújo.

Secretario: Don Tomás Fernández Doctor.

En la Ciudad de Pontevedra, siendo las diecisiete horas del día siete de mayo de mil novecientos setenta y nueve, con asistencia de los señores que al margen se expresan, se reunió el Jurado

---oOo---

Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, con objeto de estudiar la clasificación del monte denominado Requians, Nobelos y Pena Aguda sito en el término municipal de Creciente, y

RESULTANDO: Que por la Administración Forestal han sido realizados expedientes de investigación de 11 montes radicados en el Ayuntamiento de Creciente, entre los que figura el denominado Requians, Nobelos y Pena Aguda que se describe de la forma siguiente:

Nombre del monte: REQUIANS, NOBELOS Y PENA AGUDA.
Cabida: 158 Has.
Límites:
Norte: Término municipal de La Cañiza.
Este: Montes de Creciente.
Sur: Montes de Albeos.
Oeste: Término municipal de La Cañiza.

RESULTANDO: Que por el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común en sesión celebrada el día 21 de septiembre de 1978, se acordó iniciar los trámites para la clasificación de 11 montes radicados en el Ayuntamiento de Creciente.

RESULTANDO: Que por providencia del Instructor se ha solicitado del Sr. Registrador de la Propiedad de Puenteareas la anotación preventiva del monte a que se refiere la presente resolución.



GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA

JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMÚN

N.º

Rf.º 5-11-2

RESULTANDO: Que la iniciación del expediente se comunicó al Ayuntamiento y a la Cámara Agraria Local de Creciente, así como a los vecinos de Villar, todos ellos interesados en el mismo, y que se publicó a éstos efectos en el Boletín Oficial de la provincia nº 271 de fecha 23 de noviembre de 1978, concediéndose un plazo de 60 días para formular alegaciones.

RESULTANDO: Que el Ayuntamiento de Creciente no se ha personado en el expediente.

RESULTANDO: Que la Cámara Agraria Local se personó en el expediente aclarando que expuso en el tablón de anuncios la copia del Boletín Oficial de la provincia en la que se daba conocimiento para tramitar la clasificación de montes vecinales en mano común del Ayuntamiento de Creciente, sin que se presentara reclamación alguna.

RESULTANDO: Que las comunidades vecinales se han personado en los expedientes con arreglo al siguiente detalle:

- a) La de Albeos interesando la clasificación de los montes, aludiendo a documentos que justifican su carácter comunal, y afirmando que desde tiempo inmemorial fueron siempre aprovechados por los vecinos de la parroquia.
- b) La de Angudes aporta documentos análogos a la de Albeos.
- c) La de Pilgueira presenta documento interesando que se dicte resolución reconociendo el carácter comunal de los montes de la parroquia, aportando copia del estado en que figuran como montes del común de vecinos hecha en el año 1861, y fotocopia simple de la demarcación del foral de Moiras.
- d) La de Quintela se persona dando cuenta de la constitución de la Junta de Comunidad interesándose por la declaración de los montes como de mano común y aportando copia del estadillo de los exceptuados de la desamortización, confeccionada en el año 1861, así como otra copia del estado de montes del partido de La Cañiza con diversos datos que obran en el Museo de Pontevedra y en el que se consigna que los poseedores de los montes de Quintela son el común de vecinos.
- e) Los de Rebordechán interesan que se clasifiquen los montes aportando también copia del estadillo de 1861.
- f) Los de Ribera se interesan en la tramitación del expediente de declaración.
- g) Los de Sendelle interesan la clasificación de sus montes y adjuntan relación de los montes vecinales excluidos de la desamortización y relación de montes del común de vecinos del año 1847, en la que figuran los de la parroquia citada.
- h) Los de Villar, documentación análoga a los de Sendelle.

RESULTANDO: Que el monte objeto de esta resolución parece está inscrito en el Registro de la Propiedad, por lo menos en parte.

RESULTANDO: Que el monte está en la relación de montes entregados a la libre disposición del Ayuntamiento en cumplimiento de las instrucciones de montes.

VISTOS: La Ley de Montes Vecinales en Mano Común de 27 de julio de 1968 y el Reglamento para su aplicación aprobado por Decreto 569/1970 de 26 de febrero; la Ley de Procedimiento Administrativo y disposiciones concordantes.



GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA

N.º

RE.º 5-11-2

JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMUN

CONSIDERANDO: Que el artículo 1 de la Ley de 27 de julio de 1953 de Montes Vecinales incluye como tales a aquellos montes que con independencia de su origen vengan aprovechándose consuetudinariamente en régimen de comunidad.

CONSIDERANDO: Que en la relación de montes de la provincia de Pontevedra del año 1847, figuran los de la parroquia de Creciente como de propiedad del común de vecinos.

CONSIDERANDO: Que el artículo 2 de la misma Ley de Montes Vecinales establece que no será obstáculo para su clasificación como vecinales en mano común el que esos montes estén incluidos en Catálogos, Inventarios o Registros con asignación de diferente titularidad.

CONSIDERANDO: A mayor abundamiento, que tales inscripciones e inclusiones a favor de los Ayuntamientos fueron debidas en gran parte a la necesidad de que tales montes fuesen inscritos en los correspondientes Registros y la única Entidad con personalidad jurídica era el propio Ayuntamiento, por lo que las inscripciones fueron efectuadas a su nombre, como única Entidad que ostentaba la representación de los vecinos.

CONSIDERANDO: Que en la relación de montes entregados a la libre disposición de los Ayuntamientos de la provincia la titularidad se atribuyó a las parroquias correspondientes.

CONSIDERANDO: Que el supuesto presente incide plenamente en el ámbito de la Ley de Montes Vecinales cuya finalidad esencial, como determina su preámbulo, es la de legalizar la situación en la que se encuentran los montes de distintos núcleos vecinales no constituidos como Entidades Municipales cuyo aprovechamiento corresponde a determinadas personas ligadas o no por vínculos administrativos de vecindad existentes en varias provincias, que vienen transcurriendo por vías de anomalía, carentes de una regulación precisa, regulación que ahora está constituida por la Ley de Montes Vecinales que al otorgar a tales núcleos la personalidad jurídica permite compatibilizar su aprovechamiento con las facultades reconocidas a la Administración, tanto en lo que concierne a la vinculación de tales montes con los Ayuntamientos como a las atribuciones que a la Administración Forestal del Estado le corresponden, encaminadas a garantizar su adecuada explotación.

CONSIDERANDO: En definitiva, que la clasificación del monte y en consecuencia el reconocimiento de la titularidad del mismo al grupo comunitario formado por los vecinos, con sujeción al régimen jurídico que establece el artículo 2 de la Ley citada y el artículo 38 de su Reglamento, redundaría en un aprovechamiento más racional del mismo y en una más adecuada regularización de su situación jurídica.

En su virtud, el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, por unanimidad, acuerda:

QUE DEBE CLASIFICAR Y CLASIFICA COMO MONTE VECINAL EN MANO COMUN EL MONTE DENOMINADO REQUIANS, NOBELOS Y PENA AGUDA TAL Y COMO SE DESCRIBE EN EL RESULTANDO PRIMERO DE ESTA RESOLUCION, COMO DE PROPIEDAD DE LOS VECINOS DE LA PARROQUIA DE VILLAR DEL TERMINO MUNICIPAL DE CRECIENTE, POR REUNIR LOS REQUISITOS EXIGIDOS EN EL ARTICULO PRIMERO DE LA LEY Y SEGUNDO DEL REGLAMENTO DE MONTES VECINALES EN MANO COMUN.



GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA

JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMUN

N.º _____	Rt.º 5-11-2
-----------	-------------

La presente Resolución podrá ser impugnada ante la Jurisdicción ordinaria si procede, o en vía contencioso-administrativa ante la Sala correspondiente de la Audiencia Territorial de La Coruña en el plazo de dos meses, previo el de reposición ante este Jurado en el plazo de un mes a contar desde la notificación de la presente RESOLUCION.

Y para que conste, surta efectos y en cumplimiento de los dispuesto en el párrafo segundo del artículo veinticuatro del Reglamento de Montes Vecinales en Mano Común, se firma la presente RESOLUCION por los miembros del Jurado que asistieron a la sesión.

Sección de Firmas

Sección de Firmas


Sección de Firmas

Sección de Firmas

Sección de Firmas

REVISIÓN ESBOZO PARCIAL
ID 2625- Chan de Nobelos, Pena Aguda e Requiáns
ID 2521- Pertenza Vilar
Crecente

PO 14 11 1



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTÓNOMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ANUNCIO do 24 de xaneiro de 2025, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se publica a resolución do acordo da revisión do esbozo do monte veciñal denominado Monte Novelos, Pena Aguda e Requiáns, da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Vilar, no concello de Crecente (expediente RE22025).

Para os efectos previstos na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáse publicidade do acordo acadado polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, na sesión que tivo lugar o 27 de novembro de 2024, respecto á revisión do esbozo e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal denominado Monte Novelos, Pena Aguda e Requiáns, da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Vilar, no concello de Crecente (expediente RE22025).

O 24.9.2024 o Servizo de Montes deste departamento territorial emitiu o seguinte informe:

«Feitos:

Primeiro. O 14.9.2022 e con número de rexistro de entrada 2022/226000126, a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (en diante, CMVMC) de Vilar, parroquia de San Xurxo de Vilar (Crecente), solicita a revisión do esbozo total do monte veciñal en man común (en diante, MVMC) do Monte Novelos, Pena Aguda e Requiáns (ID2625). A dita solicitude deu lugar á apertura do expediente RE22025, no cal consta a seguinte documentación:

– Revisión do esbozo do monte veciñal en man común de Chan de Novelos, Pena Aguda e Requiáns, parroquia de San Xurxo de Vilar, concello de Crecente. Foi asinado o 1.5.2024 pola enxeñeira técnica forestal colexiada número 908 do Colexio Oficial de Enxeñaría Técnica Forestal de Galicia (COETFG).

– Certificado do secretario coa conformidade do presidente da CMVMC de Vilar, do 16.5.2024, da aprobación na asemblea xeral do 27.11.2022.

– Cartografía en formato dixital ETRS 89 UTM zone 29N.



Unha vez revisada a proposta de revisión total, despréndese:

– No traballo de gabinete utilizouse a superposición sobre o voo americano de 1956 e levouse a cabo un levantamento topográfico con GPS de precisión centimétrica no cal se percorreu o perímetro do monte veciñal con varios membros da Xunta Reitora da comunidade de montes. Durante ese percorrido identificáronse os marcos; a maior parte do perímetro está delimitado por muros que separan o monte veciñal das propiedades particulares.

– A proposta de esbozo do monte Novelos, Pena Aguda e Requiáns consta de 3 coutos redondos: Chan de Novelos, Pena Aguda e Requiáns.

– O linde coa CMVMC de Albeos resolveuse por sentenza xudicial descontándose unha superficie de 25.428 m² do monte veciñal de Vilar.

– O linde co MVMC da CMVMC de Crecente non se modifica.

– Admítese o linde proposto coa CMVMC de Noceifas por non afectar o seu esbozo orixinal.

– O linde proposto coa CMVMC de Xunqueira axústase de oficio ao acto de conciliación número 02C/2017 do Xulgado de Paz de Crecente, do 8.5.2017, aprobado na asemblea xeral da CMVMC de Vilar, do 16.4.2017 (expediente PO-05-DESC/17).

– O linde proposto coa CMVMC de Valeixe axústase de oficio ao acto de conciliación número 03C/2017 do Xulgado de Paz de Crecente, do 8.5.2017, aprobado na asemblea xeral da CMVMC de Vilar do 16.4.2017 (PO-04-DESC/17).

Segundo. O MVMC de Novelos, Pena Aguda e Requiáns foi clasificado polo Xurado de MVMC de Pontevedra o 7.5.1979 e cunha superficie inicial de 158 ha. Segundo os datos do sistema rexistral forestal, regulado no artigo 126 da Lei 7/2012, de montes de Galicia:

– Non consta contrato de xestión coa Consellería do Medio Rural.

– A CMVMC de Vilar non dispón dun documento de ordenación forestal inscrito no Rexistro de Montes Ordenados de Galicia.

– Constan os expedientes de deslindamento coa CMVMC de Xunqueira (PO-05-DESC/17) e coa CMVMC de Valeixe (PO-04-DESC/17), ambos expedientes arquivados por falta de documentación.



– Constan as permutas autorizadas: PO-41-PER/04, con José Benito Domínguez Gómez, e PO-01-PER/21, con María del Pilar Padrón Alvarez.

Terceiro. A superficie e perímetro da revisión do esbozo proposto total do monte Novelos, Pena Aguda e Requiáns (ID2625) é de 137,21 ha (superficie sen proxección) e de 17,10 km revisados, respectivamente. Non se modifican os lindes establecidos na Resolución do Xurado de MVMC de Pontevedra do 7.5.1979.

Cuarto. O 30.11.2022, o Xurado Provincial de MVMC de Pontevedra acorda solicitarlle ao Servizo de Montes unha proposta coa revisión e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal clasificado a favor da CMVMC de Vilar (Crecente), expediente RE22025, coa finalidade de dar cumprimento ao establecido na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Consideracións legais e técnicas:

Primeira. A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (en adiante, LMG), na súa disposición transitoria décimo terceira, establece o procedemento de revisión de esbozos de montes veciñais en man común.

Segunda. A revisión do esbozo do MVMC Novelos, Pena Aguda e Requiáns, da CMVMC de Vilar, proposta polo Servizo de Montes é a presentada pola comunidade e queda definida consonte os datos reflectidos no feito terceiro e a memoria técnica indicada no feito primeiro (excepto na adaptación aos deslindamentos do ano 2017 coa CMVMC de Xunqueira e coa CMVMC de Valeixe).

Unha vez vista a proposta de revisión presentada polo Servizo de Montes sobre a adaptación do esbozo do monte veciñal Novelos, Pena Aguda e Requiáns e de conformidade co previsto na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, este xurado, por unanimidade dos seus membros,


ACORDA:

Aprobar a revisión do esbozo do monte veciñal denominado Monte Novelos, Pena Aguda e Requiáns, clasificado a prol da CMVMC de Vilar (Crecente), segundo a proposta do Servizo de Montes e a planimetría elaborada por el.

Pontevedra, 24 de xaneiro de 2025

Antonio Crespo Iglesias
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra





Superficie: 138,81 ha.

Cañiza, A

Crecente

Requiáns



Escala 1:15.000 (etrs89)

Setembro 2024

Revisión de esbozo parcial
Monte: ID 2625 - Chan de Nobelos, Pena Aguda e Requiáns
Pertenza: ID 2571 - Vilar (Crecente)
Expte.: REZ2025

CMVMC de VILAR
Concello de Crecente



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dir. Territorial de Pontevedra
Servizo de Montes

561000

562500

564000

4668000

4668000

4669500

4669500

561000

562500

564000



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**

ASISTENTES:

PRESIDENTE

Antonio Crespo Iglesias
(Director Territorial)

VOGAIS

Amalia Elsa Pazos Pintos
(Xefa do Servizo de Montes)

X. Carlos Morgade Martínez
(Representante das CMVMC de Pontevedra)

Xesús Santaló Ríos
(Representante do Colexio de avogados de Pontevedra)

**VOGAIS REPRESENTANTES DOS
VECIÑOS DA CMVMC DE VILAR
(CRECENTE)**

María Jesús Lago Feijoo

SECRETARIO

José Alberto Cousido Fernández
(Funcionario adscrito ao Servizo xurídico administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 16:30 horas do 26/03/2025 coa asistencia das persoas á marxe indicadas, mediante videoconferencia a representación da CMVMC de Vilar e de xeito presencial os membros restantes, reúnese, no 2º andar do edificio administrativo sito no nº 43 da Avda. María Victoria Moreno, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre a resolución do expediente de clasificación do monte chamado A Pedrabranca solicitados a favor da CMVMC de Vilar (Crecente).

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO- O 03/12/2021, a empresa SELGA, en representación da CMVMC de Vilar (Crecente), presenta solicitude de clasificación como monte veciñal en man común da parcela denominada A Pedrabranca, de 5,47 ha.

Achega como documentación copia da acta da Asemblea Xeral da Comunidade na que se aprobou a solicitude de clasificación e un informe técnico con planimetría, proxecto de ordenación e documentación para a solicitude de certificación forestal.

O Servizo de Montes indica que os datos achegados pola Comunidade solicitante permiten identificar plenamente o monte A Pedrabranca, dividida en oito parcelas separadas por vías públicas. En todas as parcelas aparece como titular catastral único a CMVMC de Vilar, agás unha delas, que invade anacos de parcelas de tres propietarios particulares. Ningunha delas está clasificada.

SEGUNDO- Na sesión do 11/08/2022 o Xurado acordou incoar o correspondente procedemento de clasificación do antedito monte a prol da CMVMC de Vilar (Crecente).

O 14/09/2022 solicítase ao Servizo de Montes a elaboración do informe preceptivo conforme o art. 20 do RMVMC.

Con data 28/10/2022 a CMVMC de Vilar presenta informe técnico de modificación da planimetría, de xeito que o monte solicitado ten unha cabida de 4,71 ha. A razón aducida é que está pendente de formalizarse unha permuta cun particular que plantou viñado nunha parte dunha das parcelas. Presenta tamén declaración de Leonardo Gesteira Rodríguez afirmando que ten arrendado un terreo de 927 m² da citada parcela que adica a viñado. Alega que chegou a acordo coa Comunidade de Montes de Vilar, aprobado en Asemblea de 28/02/2016, para permutar este terreo por outra parcela da súa propiedade.

Con data 13/02/2023 recíbese o informe do Servizo de Montes, que recolle que o monte A PedraBranca está situado na contorna da igrexa parroquial e hoxe dividido en seis parcelas separadas por vías asfaltadas ou a EP-5005. En xeral, a maioría da superficie ten un uso forestal, con predominio de *pinus pinaster*, nalgunha zona de nova plantación. En parte da superficie de varias parcelas téñense realizado desmontes de terras para habilitar usos recreativos, como o campo da festa coas súas casetas ou un aparcadoiro. Unha pequena parte da parcela nº 5 está dedicada a viñado.

TERCEIRO- O 09/06/2023 o Rexistro da Propiedade de Ponteareas comunica que non figura inscrita ningunha finca coas características descritas, inda que a finca de referencia catastral 36014A025003160000YM está inscrita a nome da Comunidade de Montes de Vilar. Esta finca forma parte da parcela nº 6 do monte solicitado de clasificación.

O 18/07/2023 notifícase a apertura do trámite de audiencia á CMVMC de Vilar e ao Concello de Crecente, neste último caso tamén coa solicitude de publicación do edicto.

O 12/09/2023 o Concello de Crecente remite certificación da exposición pública do edicto na Casa do Concello.

O 08/08/2023 publícase no DOG o anuncio Do acordo de iniciación do expediente de clasificación abrindo o período dun mes para que as persoas interesadas puideran examinar o expediente e efectuar as alegacións oportunas, de conformidade co disposto no artigo 23 RMVMC.



Solicítase a inscrición preventiva no Rexistro da Propiedade de Ponteareas, que a realiza o 08/08/2023.

CUARTO- Á vista da documentación achegada pola comunidade solicitante e o informe do Servizo de Montes, o monte obxecto do presente expediente responde á seguinte descrición:

Concello: Crecente.

Parroquia: Vilar.

Nome do Monte: A Pedrabranca.

Cabida: 47.145 m² (superficie alegada na solicitude).

Informe de validación gráfica: CSV F8Z74VA2QMDADNH4

Estremas:

	Titular/es
Norte	Leonardo Gesteira Rodríguez Herdeiros de María Jesús González Vázquez Herdeiros de Isauro Araújo González Herdeiros de Mauricio Vázquez Rodríguez Herdeiros de Adolfo Vázquez Méndez
Sur	Estrada da Cañiza a Pousa (Xunta de Galicia) Camiño
Leste	Camiño
Oeste	Igrexa parroquial de Vilar Camiño

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é competente para coñecer os expedientes de clasificación (art. 9 da LMVMC).

SEGUNDO- De conformidade co art. 1 desa norma, son montes veciñais en man común *"... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas, os membros daquelas na súa condición de veciños"*.

TERCEIRO- Do informe do Servizo de Montes dedúcese unha situación das parcelas compatible co aproveitamento comunal, xa sexa forestal ou recreativo.

A existencia de parcelas de nova plantación, a colocación de postes para evitar accidentes na zona de desmontes de terra, a elaboración dun proxecto de ordenación e o informe técnico para a solicitude de certificación forestal que inclúen estas parcelas, son tamén indicios de xestión pola CMVMC de Vilar.


CUARTO- Respecto do terreo adicado a viñado que forma parte da parcela nº 5, o seu actual xestor Leonardo Gesteira Rodríguez recoñece o carácter veciñal afirmando telo arrendado desde o ano 2016.


QUINTO- O Concello de Crecente non presentou alegacións contrarias á clasificación, nin constan durante a tramitación do expediente alegacións de terceiros que acrediten un uso privativo destas parcelas. Polo tanto, pode aceptarse que existe un aproveitamento en común público, pacífico e continuado por parte dos veciños da parroquia de Vilar.

Polo exposto, o Xurado acorda:

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte "A Pedrabranca" a prol dos veciños da CM de Vilar (Crecente) de acordo á descrición reflectida nesta resolución e conforme á planimetría elaborada polo Servizo de Montes.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o mesmo Xurado no prazo dun mes; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses consonte ao disposto nos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e nos art. 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.





562800 563000 563200 563400

4668600 4668400 4668200







O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**

ASISTENTES:

PRESIDENTE

Antonio Crespo Iglesias
(Director Territorial)

VOGAIS

Amalia Elsa Pazos Pintos
(Xefa do Servizo de Montes)

X. Carlos Morgade Martínez
(Representante das CMVMC de Pontevedra)

Xesús Santaló Ríos
(Representante do Colexio de avogados de Pontevedra)

**VOGAIS REPRESENTANTES DOS
VECIÑOS DA CMVMC DE VILAR
(CRECENTE)**

María Jesús Lago Feijoo

SECRETARIO

José Alberto Cousido Fernández
(Funcionario adscrito ao Servizo xurídico administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 16:30 horas do 26/03/2025 coa asistencia das persoas á marxe indicadas, mediante videoconferencia a representación da CMVMC de Vilar e de xeito presencial os membros restantes, reúnese, no 2º andar do edificio administrativo sito no nº 43 da Avda. María Victoria Moreno, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre a resolución do expediente de clasificación dos montes chamados "Pena Aguda e outras" solicitados a favor da CMVMC de Vilar (Crecente).

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO- O 02.12.2021 a empresa SELGA, en representación da CMVMC de Vilar (Crecente), presenta solicitude de clasificación como monte veciñal en man común das parcelas denominadas "Pena Aguda e outras".

Achega como documentación copia da acta da Asemblea Xeral da Comunidade na que se aprobou a solicitude de clasificación



, documentación histórica, forestal e catastral e informe técnico con planimetría.

O Servizo de Montes indica que os datos achegados pola Comunidade solicitante permiten identificar plenamente as parcelas Pena Aguda e outras 12. En todas aparece como titular catastral a CMVMC de Vilar. Ningunha delas está clasificada, agás un anaco da parcela Pena Aguda 2 que invade terreo clasificado a favor da CMVMC de Valeixe (A Cañiza), segundo o deslinde PO-DESC-04/17.

SEGUNDO- Na sesión do 11.08.2022 o Xurado acordou incoar procedemento de clasificación das anteditas parcelas a prol da CMVMC de Vilar (Crecente).

O 14.09.2022 solicítase ao Servizo de Montes a elaboración do informe preceptivo conforme ao art. 20 do RMVMC.

O 28.10.2022 a CMVMC de Vilar presenta un novo informe técnico de modificación da planimetría, de xeito que o monte cuxa clasificación se solicita pasa de trece a sete parcelas, cunha cabida total de 10,6463 ha. A razón aducida é que se realizou unha nova medición para solicitar a revisión do esbozo da carpeta-ficha, atopándose varios erros que agora se corríxen, entre eles a invasión dun anaco de terreo da CMVMC de Valeixe segundo o deslinde PO-DESC-04/17.

Presenta tamén diversa documentación administrativa de índole forestal (solicitud de axudas por danos de incendios, permisos de corta, etc.) para probar a xestión actual pola Comunidade de Montes das parcelas cuxa clasificación se solicita.

O 14.02.2023 recíbese o informe do Servizo de Montes que recolle que as parcelas Pena Aguda e outras teñen todas uso forestal de bosque mixto con predominio de piñeiro e presenza de eucalipto, carballo e sobreira; e con estrato arbustivo de loureiros, toxos, xestas e fentos. Nalgunhas parcelas obsérvanse *pinus pinaster* de plantación e dúas delas teñen tamén aproveitamento cinexético (incluídas no Tecor Po-10186).

TERCEIRO- O 02.08.2023 o Rexistro de Propiedade de Ponteareas comunica que non figura inscrita ningunha finca coas características descritas na solicitude de clasificación.

O 18.09.2023 notifícase a apertura do trámite de audiencia á CMVMC de Vilar e ao Concello de Crecente, neste último caso coa solicitude de publicación do correspondente edicto.

O 29.09.2023 publícase no DOGA o anuncio do acordo de iniciación do expediente de clasificación abrindo o período dun mes para que as persoas interesadas puideran examinar o expediente e efectuar as alegacións oportunas, de conformidade co disposto no art. 23 do RMVMC.

O 30.10.2023 solicítase a inscrición preventiva no Rexistro da Propiedade de Ponteareas, que a realiza o 17.01.2024.



CUARTO- Á vista da documentación achegada pola comunidade solicitante e o informe do Servizo de Montes, o monte obxecto do presente expediente responde á seguinte descrición:

Concello: Crecente.

Parroquia: Vilar.

Informe de validación gráfica. IVG_1XE5VW6GYE0FFSB4

1. Nome do Monte: Pena Aguda 1.

Cabida: 23.722 m² (superficie alegada na solicitude).

Referencia catastral: 36014A02300243.

Estremas:

	Titular/es
Norte	Comunidade de MVMC de Vilar
Sur	Camiño
Leste	José Estévez Fernández Luis González Núñez Herdeiros de Jesús Mariño Pérez Otilia Rodríguez Antonio
Oeste	Camiño

2. Nome do Monte: Pena Aguda 2.

Cabida: 39.754 m² (superficie alegada na solicitude).

Referencia catastral: 36014A02300254.

Estremas:

	Titular/es
Norte	Berta Lorenzo Lorenzo Luís González Núñez Albertina Lorenzo Fernández Nieves Fernández Rodríguez
Sur	Camiño
Leste	José Estévez Fernández Herdeiros de Jesús Mariño Pérez Gerardo Ramón Mariño Álvarez Francisco Joaquín Mariño Pérez
Oeste	Camiño



3. Nome do Monte: Pena Aguda 3.

Cabida: 989 m² (superficie alegada na solicitude).

Referencia catastral: 36014A02300269.

Estremas:

	Titular/es
Norte	Camiño
Sur	Herdeiros de María Fernández Rodríguez
Leste	Herdeiros de Dolores Vázquez Rodríguez
Oeste	Herdeiros de Adolfo Rodríguez Álvarez

4. Nome do Monte: Pena Aguda 4.

Cabida: 2.057 m² (superficie alegada na solicitude).

Referencia catastral: 36014A02300400.

Estremas:

	Titular/es
Norte	José Antonio Gesteira Rodríguez
Sur	Camiño
Leste	María Fernández Rodríguez
Oeste	Herdeiros de José Manuel Dorado

5. Nome do Monte: Laredo.

Cabida: 9.436 m² (superficie alegada na solicitude).

Referencia catastral: 36014A00800362.

Estremas:

	Titular/es
Norte	Delmiro López Rodríguez Jorge Vázquez Rey María Teresa Novoa Giráldez
Sur	Camiño
Leste	María Consejo Vázquez López Ovideo López Otero Manuela Pérez Pérez Constante Claro Gómez Anuncia Vázquez Claro María del Carmen Blanco Alberti
Oeste	Camiño



6. Nome do Monte: Cavados.

Cabida: 17.464 m² (superficie alegada na solicitude).

Referencia catastral: 36014A02300244.

Estremas:

	Titular/es
Norte	Camiño Germán Costas Antonio Luís González Núñez Herdeiros de Jesús Mariño Pérez Otilia Rodríguez Antonio José Estévez Fernández Jorge Luís Martínez Lobariñas Leonardo Gesteira Rodríguez
Sur	Comunidade de MVMC de Vilar Gerardo Ramón Mariño Álvarez Francisco Joaquín Mariño Pérez Camiño
Leste	Basilisa Álvarez Rodríguez Inocencio Lorenzo Iglesias Martínez Pastora Fernández Rodríguez Albertina Lorenzo Fernández Nieves Fernández Rodríguez Berta Lorenzo Lorenzo Camiño
Oeste	Camiño

7. Nome do Monte: Longarel.

Cabida: 13.041 m² (superficie alegada na solicitude).

Referencia catastral: 36014A02300246.

Estremas:

	Titular/es
Norte	Comunidade de MVMC de Vilar
Sur	Comunidade de MVMC de Albeos
Leste	Comunidade de MVMC de Vilar
Oeste	Camiño

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é competente para coñecer os expedientes de clasificación (art. 9 da LMVMC).

SEGUNDO- De conformidade co art. 1 desa norma, son montes veciñais en man común *"... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas, os membros daquelas na súa condición de veciños"*.

TERCEIRO- Do informe do Servizo de Montes dedúcese unha situación das parcelas compatible co aproveitamento comunal de tipo forestal.


A existencia de parcelas de nova plantación, a autorización dun Tecor (Po-10186) para aproveitamento cinexético, a elaboración dun proxecto de ordenación e un informe técnico para a solicitude de certificación forestal que inclúe estas parcelas son indicios de xestión das devanditas parcelas pola CMVMC de Vilar.

CUARTO- O Concello de Crecente non presentou alegacións contrarias á clasificación, nin constan durante a tramitación do expediente alegacións de terceiros que acreditasen un uso privativo destas parcelas. Polo tanto, pode aceptarse que existe un aproveitamento en común público, pacífico e continuado por parte dos veciños da parroquia de Vilar.

Polo exposto, o Xurado acorda:

CLASIFICAR como veciñal en man común as parcelas denominadas "Pena Aguda 1, Pena Aguda 2 (respectando o deslinde coa CMVMC de Valeixe), Pena Aguda 3, Pena Aguda 4, Laredo, Cavados e Longarel" a prol dos veciños da CM de Vilar (Crecente), de acordo á descrición reflectida nesta resolución e conforme á planimetría elaborada polo Servizo de Montes.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o mesmo Xurado no prazo dun mes; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses consonte ao disposto nos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e nos art. 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



564000

563500

563000

562500

562000

4668500

4668000

4667500

564000

563500

563000

562500

562000



Número	Monte	Referencia Catastral	m²
1	Pena Aguda 1	36014A02300243	23.722
2	Pena Aguda 2	Parcela 254 - 1.871 m²	39.754
3	Pena Aguda 3	36014A02300269	989
4	Pena Aguda 4	36014A02300400	2.057
5	Laredo	36014A00800352	9.436
6	Cavados	36014A02300244	17.464
7	Longareil	36014A02300246	13.041

Datum ETRS89 - UTM zona 29N

Escala 1:6.000

Abril - 2025

Clasificación dos montes: Pena Aguda 1, 2, 3 e 4 mais Laredo, Cavados e Longareil.

CMVMC de Vilar
Concello de Crecente

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dir. Territorial de Pontevedra
Servizo de Montes

XUNTA DE GALICIA

[Handwritten signatures and blue ink marks at the bottom of the page]